



NA PUNTA DO PÉ.

Pesdelán. Ed Kalandraka

Un libro-CD-DVD que anima a aprender cancións, bailes e xogos do patrimonio tradicional galego e portugués dun xeito divertido e participativo.



XIQUI XOQUE, FIÚ FIÚ

María Fumaca. Ed Galaxia

Xiqui xoque, fiú fiú! é como fai a locomotora máis famosa do mundo, a máis marchosa, a máis chea de vida e alegría que nunca se viu: a locomotora de María Fumaça



A NENA E O GRILO NUN BARQUÍÑO

Magín Blanco. Fol de Música.

Un conto ilustrado por Leandro Lamas. Contén un cd con 13 cancións.




CÁNTAME UN CONTO

Moitos foron os contos, as rimas, as regueifas, os refráns e as cancións que se escoitaron polo colexio ao longo do curso. Coñecemos diferentes estilos musicais, disfrazámonos de rockeros, de raperos,... Inventamos regueifas, cantámolas e bailámolas. Elaboramos un calendario musical. Cantamos e bailamos coa Escola de música de Burela, con Magín Blanco, cos TresTenedores, con Pesdelán... E para rematar, atrevémonos a interpretar cancións do musical Grease! Como podedes ver, tivemos un curso moi musical e pasámolo xenial. Pero iso non sería posible sen a vosa colaboración e participación nas actividades da biblioteca. Por iso quero darvos as gracias, e tamén a ANPA, polos fermosos agasallos que me fixeron no meu cumples: O traxe que luza na foto e que me queda de marabilla e outro que deixo para estrear o vindeiro curso, co novo proxecto que imos traballar: UN COLE DE PELÍCULA!!! Pero iso será despois do verán...

Desexámosvos que pasedes unhas felices vacacións: divertídevos, lede, escoitade música... Vémonos á volta!!!

PÚCA E O EQUIPO DE BIBLIOTECA DO COLEXIO DE CERVÓ

Síguenos en: <http://bibliocervo.blogspot.com.es/>



VERÁN 2015



BIBLIOCERVO



PARA OS MÁIS PEQUENOS...

A FILLA DO GRÚFALO

Julia Donson, Axel Scheffler
Ed. Patas de Peixe

A filla do grúfalo é moi aventureira e non lle gusta nada durmir polas noites, así que...

MÁIS ALÁ DA FIESTA.

Maurice Sendak.
Ed. Kalandraka



A obra que completa a triloxía de contos oníricos de Sendak trasladanos a un mundo confuso no que Aida terá que demostrar o seu valor para rescatar a súa irmá pequena

O AVÓ DE ZULAIMAR.

Juan Carlos Méndez Guédez. Elsa Klever.
Ed. OQO
Zulaimar non logrou que ningunha das súas amigas lle prestase o seu avó. Entón, dando un novo uso aos obxectos que tiña o seu arredor, decidiu construír un.

A MELLOR SOPA DO MUNDO

Susanna Isern. Mar Ferrero .
Ed. OQO
Nun lugar escondido do bosque, unha pequena cabana tiña a luz acendida. Pola chimenea saía fume: Tartaruga estaba preparando a comida.



INMUNDICIA E ROÑOSO

Leticia Costas. Ed. Edelvives.

Estrela e Max andan nos colectores do lixo na procura de roupa e comida. Para os demais nenos do barrio non son Estrela e Max, senón Inmundicia e Roñoso, dada a sucidade que acu-

QUEN SON?

An Alfaya. Ed. Galaxia

Adiviña quen son, quen é cada protagonista que vai aparecendo neste libro preguntón. Páxina a páxina irás atopando unha adiviña para xogar.

O XARDÍN DE IRENE

Neira Vilas. Ed. Émbora


Un libro de poemas infantís, ilustrado por Leandro Lamas. Un libro que é todo un xardín rimado cheo de ledicia e esperanza.

FANGO

Gonzalo Moure. Ed. Edelvives

Petra, Troy, Tristan, Tom, Kaza, son los múltiples perros callejeros que el protagonista tuvo durante su infancia, pero el preferido es Fango.

PARA OS MÁIS GRANDIÑOS...



ASTERIX GLADIADOR.

Goscinny. Uderzo
Ed Xerais

Astérix e Obélix viaxan a Roma e convértense en valentes gladiadores dispostos a liberar o bardo Asegurancetúrix, que vai ser guindado aos leóns!



¿QUE VIENEN LOS FANTASMAS?

David F. Sifres. Ed. Edelvives.


Pancho, Teban y Joseque intentarán expulsar de cualquier manera a los fantasmas



UNA VENTANA PARA CECILIA.

An Alfaya. Ed. Edelvives

Cecilia sufre porque su habitación no tiene ventana. En su lugar, un cuadro con un tobogán rojo y una hamaca azul, pintado por su abuelo, le permite soñar y reflexionar acerca de la ventanas...



PALABRAS DE AUGA.

Marcos Calveiro. Ed. Xerais.

Palabras de auga é unha viaxe cara ao interior do continente africano e da súa cultura, mais tamén un camiño iniciático cara á madurez.

